



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Descrición Decreto: Nomeamento persoal laboral temporal da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais 2024 (xefe brigada, peón condutor, tres peóns)

DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Considerando os seguintes antecedentes:

Convenio interadministrativo asinado o 26/05/2023 entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Boimorto para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

O decreto núm. 240/2024 de data 16/07/2024 polo que se aproba a Bolsa de traballo de persoal laboral temporal da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais 2024 (xefe brigada, peón condutor, tres peóns)

Vistos os informes de recoñecemento médico laboral adxuntados polos aspirantes na presentación de instancias.

Considerando candidatos para a contratación os que seguen:

- Pablo Barco Tojo con DNI XXX2896XX
- Luis Yeray Casal Gayoso con DNI XXX2476XX
- Joaquín Costa Abalo con DNI XXX8040XX
- Gustavo Adrián Fanale con DNI XXX5351XX
- Jacobo López Perea con DNI XXX3159XX
- Raúl Martínez Vigo con DNI XXX2903XX

Vista a base décima das bases de selección que sinala:

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polo/a interesado/a, a Sra. Alcaldesa efectuara o nomeamento a favor dos/as candidatos/as propostos/as e asinara o contrato laboral nun prazo de dous (2) días naturais.

Trala contratación o/s traballadores obriganse a aceptar estas bases do proceso selectivo a realizar un curso teórico practico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de

16 horas cos contidos do Anexo II do Convenio subscrito entre este Concello e a Consellería de Medio rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa impartido por persoal competente enxeñeiro de montes ou enxeñeiro técnico forestal curso obrigatorio para os integrantes da brigada aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.

Visto que nas solicitudes de participación no proceso selectivo os/as candidatos indican a súa preferencia de optar a varias prazas por unha ou outra.

Visto que toda a antedita documentación consta na administración do Concello de Boimorto.

Finalmente, vista a dispoñibilidade actual orzamentaria para facer fronte aos custes destes traballadores e en aplicación do disposto no artigo 49.1c) do Real decreto lexislativo 2/2015 polo que se aproba o Texto refundido do Estatuto dos traballadores e en uso das facultades outorgadas legalmente en materia de xefatura de persoal polo artigo 21 da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases do réxime local polo presente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear para a formación da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais a :

Xefe de brigada:

FANALE, GUSTAVO ADRIÁN

Peón condutor:

MARTÍNEZ VIGO, RAÚL

Peóns:

BARCO TOJO, PABLO

LÓPEZ PEREA, JACOBO

CASAL GAYOSO, LUIS YERAY

SEGUNDO.- Notificar persoalmente o presente decreto aos seleccionados indicados no apartado primeiro e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite a alta dos/as traballadores/as na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta 22/07/2024

TERCEIRO.- Convocar aos contratados no Concello de Boimorto o día 22/07/2024 ás 8:00 horas para a realización do curso teórico práctico de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais de 16 horas tal e como reflexa a base décima das bases que rexe este proceso de selección.

CUARTO.- Publicar este decreto na sede electrónica do concello aos efectos oportunos.

Decretoouno a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ